

## **NOTA DE PRENSA**

# **O Colexio Oficial de Psicología de Galicia afonda no exercicio do coaching desde a psicología**

---

*Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2016* - Mañá sábado 12 de marzo, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia ofrece unha conferencia sobre a acreditación do psicólogo ou psicóloga experta en coaching e as boas prácticas no seu exercicio, que se desenvolverá na sede da corporación en Santiago de Compostela entre as 11:00 e as 13:00 horas. Con esta actividade preténdese achegar ao colectivo profesional que poida ter interese neste ámbito desde o punto de vista da psicología como disciplina científica que posúe instrumentos diferenciais para o exercicio do coaching.

A devandita acreditación (PsEC, psicólogo ou psicóloga experta en coaching) pretende reforzar o valor engadido deste perfil profesional para o exercicio do coaching, dado que pola súa formación ten unha maior capacidade para traballar no desenvolvemento das persoas e nos procesos subxacentes a cambios na conduta, grazas ao seu coñecemento integral das persoas e ao seu manexo de técnicas e ferramentas propias da psicología.

Ao mesmo tempo búscase promocionar a figura do psicólogo ou psicóloga experta en coaching entre potenciais persoas usuarias dos seus servizos precisamente pola súa ampla capacidade de acción, á vez que mediante esta acreditación específica se pretende vixiar a calidade e a diferenciación dos servizos que ofrecen os/as profesionais da psicología *coaches* á sociedade. Este perfil profesional é o máis idóneo para o exercicio do coaching pola súa especialización no desenvolvemento, no benestar e no funcionamento humano óptimo e isto pode ter importantes implicacións nos resultados das empresas, institucións e organizacións en xeral.

A conferencia será ofrecida por Isabel Aranda García, psicóloga experta en coaching do Colexio Oficial de Psicólogos de Madrid e Coach PCC por IFC. É doutora en Psicología Organizacional, especialista EuroPsy en Psicología e psicóloga sanitaria. Conta con máis de 25 anos de exercicio profesional no desenvolvemento de persoas a través do liderado, da formación e do coaching. É directora da Escuela de Evolución Emocional e autora dos libros *Emociones capacitantes. Su gestión en el coaching, liderazgo y educación* e *Manual del coach. Acompañar para conseguir resultados extraordinarios*. A coordinación desta conferencia é de Israel Villar Enjo, coordinador do Grupo de Traballo de Psicología e Coaching da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG, promotora desta actividade.

### **Saúdos,**

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicología de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)